



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Programación Departamento de Piano

Acompañante

Curso 2016/2017



Índice

1. Introducción.....	3
2. Obxectivos xerais das ensinanzas.....	5
3. Obxectivos específicos	6
4. Metodoloxía.....	6
5. Atención á diversidade	7
6. Temas transversais	7
7.1 Educación en valores	7
7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	8
8. Normas de funcionamento do departamento.....	9
8.1. Os ensaios.....	9
8.2. As audicións.....	10
8.3. O que o alumno debe saber.....	11
8.4. Probas de acceso ao Centro.....	12
9. Anexo: Programación específica de piano acompañante da sección bilingüe...13	



1. Introducción

A *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa* sinala que todos os alumnos e alumnas, todas as persoas novas teñen un talento, e as persoas e os seus talentos son o mais valioso que temos. Esta lei establece como finalidade o desenvolvemento destas capacidades, e define a educación como o vehículo que debe xerar aspiracións e ambicións alcanzables para todos.

Todos os estudantes teñen talento, pero a natureza de cada un é diferente, polo que o sistema educativo ten que contar cos mecanismos necesarios para recoñecelo e potencialo. O desenvolvemento do talento vai relacionado intrínsecamente a uns valores que o vertebran, actitudes que o impulsan, coñecementos que os constrúen e competencias que os materializan.

A parte da ensinanza obrigatoria, o noso sistema educativo organiza e regula outras ensinanzas de tipo non obrigatorio, como é o caso das ensinanzas musicais de grao elemental e profesional, ensinanzas específicas para fomentar o talento musical. O *Decreto 128/2007, do 27 de setembro que establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réximen especial de música*, explica que, a finalidade da educación musical elemental é : “ promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que lle permita acceder ao grao profesional de música. Así mesmo, o *Decreto 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réximen especial de música* expón que a finalidade do ensino profesional é : “proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música”. A ensinanza nos conservatorios públicos está orientada a conseguir que o alumno desenvolva habilidades profesionais. Dito desenvolvemento supón, por definición, o dominio gradual do instrumento no que se esté formando e o desenvolvemento da súa capacidade interpretativa.



Dentro deste marco educativo, e do currículo común e específico para cada especialidade instrumental, a función do profesor pianista acompañante é interpretar có alumno o repertorio a dúo que vén programado dende a súa clase individual de instrumento.

A meirande parte das composicións musicais non están escritas para instrumento solista. A literatura musical é prioritariamente conxunta, e emprega diferentes combinacións instrumentais: o instrumento solista con acompañamento (habitualmente de piano ou clave), o instrumento como integrante dun grupo de cámara, ou instrumento solista con orquestra. É, por tanto, necesario para a formación do novo músico, familiarizarse co piano acompañante, xa que para el será unha ferramenta indispensable que lle permitirá interpretar gran parte do repertorio específico do seu instrumento. O pianista acompañante contribuirá a desenvolver elementos tan esenciais para o músico como a escoita interna e externa; e a comprensión completa dos textos musicais máis alá da súa propia parte solista ou camerística.

O profesor pianista acompañante non establece os obxectivos ou contidos de ningunha materia instrumental, nin tampouco avalía ou secuencia contidos. É o departamento de cada especialidade instrumental quen especifica todos estes aspectos; e o profesor titor quen os concreta para cada alumno e realiza a súa avaliación. De feito, para que a nosa labor docente sexa fructífera, o alumno debe traballar previamente as pezas na clase co titor, e debe ter a súa parte suficientemente asimilada, de modo que lle permita aproveitar axeitadamente o ensaio co pianista acompañante.

Por tanto, esta non pode ser unha “programación” didáctica nun sentido estrito: unha exposición organizada e significativa dos coñecementos, tarefas e obxectivos a cumprir de forma que amose o proceso de ensinanza e sirva como elemento analítico de resultados. Este documento sinala os aspectos nos que incide directamente a nosa labor pedagóxica e, dende unha perspectiva práctica, reflicte as normas de funcionamento do departamento: regula os ensaios cos alumnos e a coordinación cos profesores titores dos diferentes departamentos.



2. Obxectivos xerais das ensinanzas

Existe un obxectivo básico, unha finalidade común a todas as ensinanzas das diferentes especialidades instrumentais: capacitar ao alumno para a interpretación en público do repertorio traballado nas clases e nos ensaios. A función do Pianista Acompañante é “facer posible” que o alumno interprete as obras do seu repertorio específico con calidade e comunicabilidade artística. En consecuencia, os obxectivos que se especifican a continuación non son obxectivos propios das ensinanzas do departamento de pianistas acompañantes, senon aqueles nos que contribuímos a consolidar a través da nosa función didáctica.

Para que o alumno poida afrontar os ensaios, é necesario que previamente teña consolidados os seguintes obxectivos en cada peza:

- Afinación
- Ritmo
- Comprensión xeral da estrutura da peza
- Orientación estética do sentido estilístico da peza

Deste xeito, o pianista acompañante pode traballar para conseguir un bo “ensemble” entre a interpretación do alumno e o acompañamento pianístico a nivel ritmo, proporcionalidade sonora, fraseo.... e pode centrarse en realizar a súa labor didáctica. O pianista acompañante contribúe a desenvolver os seguintes obxectivos específicos:

- Familiarizarse co mundo sonoro do piano.
- Desenvolver a escoita consciente do piano coas súas características de rexistro, timbre e intensidade.
- Mellorar aspectos da afinación.
- Desenvolver o sentido rítmico e a pulsación interna e compartida.
- Aplicar a comunicación xestual axeitada para a interpretación con outros instrumentistas.
- Desenvolver a creatividade interpretativa.



- Comprender os diferentes tipos de escritura (para solista ou conxunto de cámara) e as súas implicacións interpretativas.

3. **Obxectivos específicos**

- Apreciar e percibir os distintos papeis que asume un instrumento en función do tipo de repertorio e escritura musical: solista, camerístico ou acompañante.
- Coñecer as distintas funcións do piano como instrumento acompañante: como intérprete de redución orquestral, intérprete camerístico, piano acompañante (ou substitutivo do clave/clavicordio).
- Coñecer e aplicar a comunicación xestual axeitada para a interpretación conxunta.
- Desenvolver a audición interna e tamén simultánea coa parte do piano.
- Adquirir a sensibilidade auditiva para adaptarse a sonoridade requerida para cada interpretación.

4. **Metodoloxía**

O profesor pianista acompañante é un guía-orientador que interactúa dun xeito activo co alumno. Ambos se implican nunha mesma experiencia creativa: a interpretación musical. Polo tanto, a metodoloxía aplicada é:

- Activa. O alumno é o protagonista da súa propia aprendizaxe, observa e experimenta por sí mesmo.
- Individualizada. As estratexias didácticas adáptanse ás necesidades e características particulares de cada estudante, atendendo á diversidade de estilos e ritmos de aprendizaxe.
- Participativa. O alumno participa activamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, construindo os seus propios coñecementos.



- Motivadora. Capta o interese do alumno e anímalle a aprender.
- Integradora. Relaciona todos os coñecementos nunha mesma dirección: a formación do intérprete.
- Pero fundamentalmente é experiencial, baséase esencialmente na acción e realización, na aplicación dos coñecementos do alumno tanto nos ensaios coma nas interpretacións públicas.

5. Atención á diversidade

_____ QUEDA PENDENTE DE ESTABELECER UN DISCURSO XENÉRICO PARA TODAS AS PROGRAMCIÓNS, PERO CADA MATERIA E /OU INSTRUMENTO DEBE FACER CONSTAR AS SÚAS CARACTERÍSTICAS E MEDIDAS ESPECIFICAS (SE AS HAI).

6. Temas transversais

6.1 Educación en valores

Os ensaios e os concertos son actividades idóneas para desenvolver determinados aspectos esenciais para o alumnado:

- Manter a ilusión por superarse a diario, para poder afrontar a interpretación en público.
- Valorar axeitadamente a importancia musical dos recursos técnicos conseguidos en base ao esforzo persoal.
- Manter unha actitude de valoración e respecto polo propio traballo e o do pianista acompañante.
- Valorar o traballo en equipo como fundamento da práctica musical.
- Tomar conciencia da responsabilidade individual e compartida na interpretación conxunta.



- Coidar axeitadamente os recursos materiais utilizados e as instalacións, tanto nos ensaios coma nas audicións, e contribuir a manter organizados os materiais empregados.

7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna realizarase a través de tres elementos: as plantillas horarias de ensaios, as reunións do departamento, e as memorias de final de curso.

As plantillas horarias son un instrumento de rexistro no que figuran o número de ensaios realizados por cada alumno, e as faltas de asistencia, se se producen.

Para o seguimento da programación, analizaranse nas reunións de departamento os seguintes aspectos, e se é o caso, proporanse posibles melloras :

- Convivencia e coordinación.
- Actividades conxuntas e individuais.
- Coordinación das audicións.
- Idoneidade metodolóxica.
- Necesidades instrumentais e materiais.

Todas estas cuestión quedarán reflectidas nas memorias de final de curso do departamento.



8. Normas de funcionamento do Departamento

8.1 Os ensaios

- O número de ensaios recomendado para participar nas audicións é de 3. Este número pode variar en función do criterio pedagóxico do pianista.
- O profesor titor indicarlle ao alumno cando está preparado para ir a ensaiar co pianista, precisando a súa autorización para inscribirse. O alumno debe ter a obra suficientemente traballada co seu titor na súa clase individual para que o ensaio sexa eficaz. O pianista acompañante pode retrasar o ensaio se o alumno non ten a obra suficientemente asimilada.
- A duración dos ensaios individuais do alumnado de 1º, 2º e 3º de G.E. será de 15 minutos aproximadamente, en función da dificultade e duración da peza a ensaiar. É conveniente que o alumno chegue con tempo á súa hora de ensaio para preparar o seu instrumento con antelación.
- A ser posible, os ensaios de grao elemental faranse preferentemente na clase colectiva, coordinados polos titores.
- A duración habitual dos ensaios será de media hora.
- O alumnado de cursos altos poderá incrementar a duración dos ensaios previa indicación do pianista.
- Os alumnos que teñen as súas clases individuais en horario de mañán anotarase preferentemente nos ensaios das mañás.
- Os alumnos deberán inscribirse nos plans horarios dos pianistas acompañantes ao longo da semana anterior ao ensaio. Os plans horarios semanais están á súa disposición na conserxería do centro dende a mañán do luns ata as 22 h do xoves. Se o alumno se inscribe un venres, non poderá ensaiar con piano o luns.
- Para poder participar nunha audición é preciso:



- ✓ ter realizado os ensaios esixidos co pianista antes da semana na que se celebre a mesma.
- ✓ ter a conformidade do titor e do pianista acompañante.

8.2 As audicións

As actuacións públicas son o resultado dos ensaios realizados coas/os alumnas/os. Prográmanse anualmente dende o curso anterior e xeralmente coinciden nas mesmas datas. Por isto é necesaria unha axeitada organización para evitar, na medida do posible, audicións moi achegadas para o mesmo pianista, e así dar a opción de que todas/os alumnas/os poidan ensaiar a semana anterior á audición. Para traballar nesta liña, o pianista acompañante asistirá, na medida do posible, ás reunións do departamento correspondente para participar na programación dos concertos ou audicións, coordinar datas, duración, evitar erros de repetición de obras, etc.

As normas que regulan os aspectos de coordinación e organización son os seguintes:

- Para a programación dos Concertos ou Audicións o pianista acompañante poderá asistir ás **reunións do Departamento** ao que acompañe para coordinar datas de audicións e duración das mesmas. O/A xefa/e do departamento correspondente convidará aos pianistas que teña asinados para as reunións que traten sobre as audicións. A data da audición, en calquera caso, decidiráse preferentemente cunha antelación mínima dun mes.
- Cada alumna/o poderá participar en **dúas ou tres audicións no curso**. A participación en máis audicións deberá acordarse co pianista.
- Para participar nas **audicións** é preciso ter realizado **tres ensaios** co pianista antes do mesmo día audición, e contar visto bo do profesor e do pianista acompañante. O pianista poderá requerir máis ou menos ensaios según o seu criterio.
- Os días anteriores ás audicións resérvanse para ensaios dos alumnos que participen nelas.



- Establécese un máximo de **unha hora e media** de duración por **audición** e por **día**. A este tempo hai que engadir unha hora previa de proba acústica na sala. A proba acústica non debe ser un ensaio xeral, senon realmente unha proba acústica.
- Procurarase non repetir obras con acompañamento de piano na mesma audición, especialmente obras longas.
- As partituras entregaranse aos pianistas dentro dos prazos establecidos nesta programación. Poderán entregarse persoalmente ou depositarse no armario dos pianistas acompañantes situado na sala de profesores. As obras de especial dificultade camerística deben ser acordadas co pianista acompañante no primeiro trimestre do curso. As datas límite para a entrega de partituras por trimestre son:
 - ✓ 1º trimestre: 2 de novembro.
 - ✓ 2º trimestre: 1 de febreiro.
 - ✓ 3º trimestre: 7 de abril

8.3 Que debe saber o alumno

¿Cantos ensaios podo realizar?

O número de ensaios recomendado para participar nas audicións é de 3. Por norma xeral, o alumno pode ensaiar unha vez á semana. Este número pode variar en función do criterio pedagóxico do pianista.

¿Cando podo ensaiar se son alumno de 1º ou 2º de Grao Elemental?

Realizaráanse os ensaios con piano, coordinados polos titores, preferentemente, na Clase Colectiva.

¿Cando pode ensaiar un alumno con horario lectivo de mañá?

O alumno que horario lectivo pola mañá preferiblemente debe de ensaiar pola mañá.

Duración dos ensaios:

A duración habitual será de media hora. A duración dos ensaios individuais do alumnado de 1º, 2º e 3º de GE durará aproximadamente 15 minutos. O alumnado de cursos altos poderá incrementar a duración dos ensaios previa indicación do pianista.



¿Cando podo realizar o primeiro ensaio co pianista?

O teu profesor titor indicache cando estás preparado para ir ensaiar co pianista. Precísase a súa autorización para anotarse.

¿Como me anoto?

Deberás inscribirte nos plans horarios dos pianistas acompañantes ao longo da semana anterior ao ensaio. Os plans horarios semanais están na conserxería dende a mañá do luns ata as 22 h do xoves. Se te inscribes o venres, non poderás ensaiar con piano o luns.

¿Que requisitos teño que cumprir para participar nas audicións?

Para que poidas participar nunha audición é preciso:

- ✓ ter realizado os ensaios esixidos co pianista antes da semana na que se celebre a mesma
- ✓ ter a conformidade do titor e do pianista.

8.4 Probas de acceso a primeiro curso de grao profesional

Según a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación educativa, pola que se dictan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos Conservatorios Elementais e Profesionais de música e de Danza, os centros poderán poñer á disposición dos candidatos un servizo de pianista acompañante atendido polo profesorado que teña esta función no curso correspondente. Corresponde aos centros determinar as condicións e organización deste servizo.

Este aspecto é considerado anualmente polo departamento e posteriormente debidamente informado aos alumnos aspirantes no momento da súa matriculación.



9. **ANEXOS: Programación específica de piano acompañante da sección bilingüe**

A esta programación pertence o documento de programación específica de piano acompañante para a sección bilingüe que se adxunta a continuación.



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Programación Específica de Piano Acompañante da Sección

Bilingüe 2016-2017

Índice

Introdución.....	3
Obxectivos xerais das ensinanzas de grao elemental e profesional.....	4
Contidos xerais das ensinanzas de grao elemental e grao profesional.....	5
Metodoloxía.....	5



Introdución

A presente programación está xustificada dentro da ORDE do 14 de xullo de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, de seccións bilingües de lingua inglesa en conservatorios profesionais de música de Galicia a partires do curso 2014/2015 e pola resolución de 4 de xullo de 2016 (DOG 19 de xullo de 2016), na que se prorrogan por un período de dous anos as seccións bilingües dos conservatorios coa finalidade de favorecer a práctica do inglés entre os alumnos dos devanditos centros.

A proxección internacional formativa e profesional que ten cabida neste tipo de ensinanzas xustifica a impartición de materia(s) en lingua(s) estranxeira(s) que faciliten ao alumnado dos conservatorios a posterior integración en centros de estudos e de traballo estranxeiros.

Esta iniciativa responde á necesidade, subliñada polas distintas directivas europeas, de promover unha mellora cualitativa do coñecemento das linguas da Unión Europea. O seu obxectivo é conseguir que os cidadáns da Unión coñezan varios idiomas comunitarios e desenvolvan as competencias en materia de comunicación e garantir a difusión das linguas e da súa cultura. A lingua estranxeira será un vehículo para o ensino de determinadas áreas non lingüísticas, fomentando así, non só a aprendizaxe do idioma senón "aprender no idioma" favorecendo o uso comunicativo deste.

Pretendemos desde a nosa contorna xeográfica impulsar e mellorar a formación do noso alumnado no coñecemento do inglés dentro do espazo lingüístico europeo como competencia fundamental no ámbito do coñecemento, no que o dominio de diferentes linguas constitúe un elemento esencial no proceso de desenvolvemento da identidade europea.



Obxectivos xerais das ensinanzas de grao elemental e profesional

Os/As alumnos/as que cursen os seus estudos na sección bilingüe de lingua inglesa no Conservatorio Profesional de Música de Santiago, incorporarán aos obxectivos xerais de grao elemental e profesional e aos específicos de cada curso de grao elemental e profesional, os seguintes obxectivos específicos de sección bilingüe de lingua inglesa:

- ❖ Afacer aos alumnos a expresarse de modo natural na lingua inglesa mediante o seu uso cotián na aula.
- ❖ Aprender e utilizar léxico específico musical relacionado coa práctica e teoría musical.
- ❖ Coñecer aspectos básicos do instrumento musical en lingua inglesa.
- ❖ Mellorar a capacidade comunicativa en inglés, especialmente a produción oral, pronunciación e entoación.
- ❖ Facilitar o acceso aos programas educativos europeos.
- ❖ Ampliar coñecementos sobre os aspectos socioculturais dos países de fala inglesa.
- ❖ Desenvolver o sentimento de cidadanía europea.
- ❖ Adquirir un maior dominio da lingua inglesa a través da aprendizaxe de outra materia.
- ❖ Mellorar o coñecemento e o dominio da propia lingua materna a través da aprendizaxe da lingua estranxeira.
- ❖ Realizar traballos e proxectos multidisciplinares.
- ❖ Favorecer o uso da lingua inglesa dentro da comunidade educativa.
- ❖ Fomentar a diversidade cultural.



- ❖ Utilizar recursos TIC para a práctica da lingua inglesa.

Contidos xerais das ensinanzas de grao elemental e profesional

Os/As alumnos/as que cursen os seus estudos na sección bilingüe de lingua inglesa no Conservatorio Profesional de Música de Santiago, incorporarán aos contidos xerais de grao elemental e profesional e aos específicos de cada curso de grao elemental e profesional, os seguintes contidos específicos de sección bilingüe de lingua inglesa:

- ❖ Utilización de estruturas gramaticais inglesas co enfoque comunicativo nas expresións e comprensións orais e escritas.
- ❖ Coñecemento do léxico específico relacionado coa práctica e teoría musical na lingua inglesa.
- ❖ Coñecemento dos aspectos básicos do instrumento musical en lingua inglesa.
- ❖ Coñecemento dos programas educativos europeos.
- ❖ Coñecemento de aspectos socioculturais de países de fala inglesa.
- ❖ Realización de traballos e proxectos multidisciplinares.
- ❖ Utilización da lingua inglesa dentro da comunidade educativa.
- ❖ Potenciación da diversidade cultural.

Metodoloxía

Terase en conta a metodoloxía xeral exposta na programación xenérica de piano acompañante, coa adición da seguinte específica en relación ao carácter bilingüe das clases instrumentais:



- ❖ A metodoloxía estará baseada na comunicación, na interacción e en priorizar os aspectos orais da lingua inglesa. Fomentaránse proxectos e unidades didácticas que sexan de interese para o alumnado e ao mesmo tempo estean relacionados coa práctica instrumental con acompañamento de piano.
- ❖ Empregaranse ordes e instrucións sinxelas directamente en lingua inglesa, apoiadas coa linguaxe xestual a modo de reforzo. Ao mesmo tempo faráse uso de expresións coloquiais, frases feitas e demais construcións de uso frecuente na comunicación oral en inglés. Tamén se facilitará a tradución do vocabulario especializado que o alumnado non comprenda.
- ❖ Potenciarase o traballo cooperativo que favoreza a interacción entre alumnado e profesorado e empregaranse expresións e vocabulario relacionados coa unidade didáctica que se imparta en cada momento.
- ❖ Fomentarase no alumnado o uso espontáneo da lingua estranxeira na comunicación oral, tanto na súa relación co profesorado como cos compañeiros/as. Para conseguilo farase uso de estratexias participativas nas que se valorará inicialmente a intervención do alumnado facendo uso do inglés e pouco a pouco centrándose no emprego de vocabulario específico, propio da materia.
- ❖ O profesor/a actuará como guía e organizador/a do proceso comunicativo. Elaborará actividades de reforzo e de ampliación para atender á diversidade do alumnado e fomentará a organización de traballos multidisciplinares.
- ❖ Para evitar intimidar ao alumno con dificultades de comprensión, empregarase o inglés progresivamente, estendéndoo ao máximo en base ao ritmo que o alumno/a permita. Cando sexa necesario recorrerase á lingua materna, podéndose repetir as instrucións didácticas e explicacións en galego ou castelán dependendo das necesidades do momento. O obxectivo é que ao finalizar o curso a comunicación alumno/a e profesor/a se poida desenvolver con certa fluidez en inglés.
- ❖ O profesorado poderá entregar ao alumnado material en inglés coa finalidade de conseguir os obxectivos propostos na materia, recorrendo ao material dispoñible no centro (textos, manuais, mapas, xogos, posters, material audiovisual, etc) xunto con todo o material que se atopa en internet.



- ❖ Fomentarase a utilización de páxinas web que determine cada profesor/a aos seus alumnos/as.